



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Escolas de Arte e Superiores de Deseño de Galicia

Programación da disciplina

Nome do centro: EASD Mestre Mateo

Titulación: EE.AA.SS. DESEÑO DE PRODUCTOS

Materia: LINGUA ESTRANXEIRA

Disciplina: INGLÉS TÉCNICO

Curso: 3º

Carácter: OPTATIVA

Tipo: Teórica

Docente: Manuel Quintás Pérez

Ano académico: 2018-2019

Índice

1.	Identificación e contextualización.....	3
2.	Organización dos contidos.....	3
3.	Avaliación.....	4
3.1	Criterios de avaliación.....	4
3.2	Procedemento.....	5
3.3	Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación.....	5
3.4	Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación.....	6
3.5	Criterios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais.....	7
4.	Metodoloxía, recursos e actividades complementarias.....	7



1. Identificación e contextualización

Idiomas	Inglés
Departamento	EE.AA.SS. Deseño de Produto
Profesor/a	Manuel Quintás Pérez
Correo electrónico	manuelquintas@edu.xunta.es
Web	www.easd.es
Créditos ECTS	Distribución horaria dos créditos ECTS: 6 Horas totais: 100 Horas de clase semanais: 2 Horas de clase no curso: 70 Horas de traballo non presencial: 30 Horas titorías: 1
Horario	Horario de clase semanal: Luns: 10.00h.-11:00 11:20 -12:20h. Horario de titorías: Luns: 1 13.30h.-14.30h.
Descritores	- Abarcar o maior número de funcións comunicativas que ao alumno pódanlle resultar útiles en situacións da vida cotiá e da súa especialidade. - Comprender a información global e específica de mensaxes orais e escritos na lingua estranxeira relativos ás diversas situacións habituais de comunicación e específicos da especialidade. -Producir mensaxes orais e escritos na lingua estranxeira, mostrando respecto e interese por comprender e facerse comprender.

2. Organización dos contidos

BT	Bloque temático/contidos	Actividades	Temporalización	Calendario
1	ESTRUCTURAS BÁSICAS DA LINGUA INGLESA	■ Repaso das estruturas básicas da lingua inglesa ca realización de exercicios	■ 2 sesións	■ Ata o 24 de setembro
2	VOCABULARIO TÉCNICO E COMERCIAL	■ Realización de exercicios orais e escritos enfocados á adquisición de vocabulario de índole comercial e relativo a especialidade	■ 15 sesións	■ Ata 26 de novembro
3	COMPRESIÓN ESCRITA	■ Exercicios de lectura e comprensión de textos escritos na lingua estranxeira relativos ás diversas situacións habituais de comunicación e específicos da especialidade.	■ 15 sesións	■ Ata 14 de xaneiro



4	COMPRESIÓN ORAL	Exercicios de comprensión de textos orais na lingua estranxeira relativos ás diversas situacións habituais de comunicación e específicos da especialidade. <ul style="list-style-type: none">• Visionado de videos.	■10sesións	■Ata 28 de xaneiro
5	EXPRESIÓN ESCRITA	■Exercicios encaminados a producir mensaxes escritos na lingua estranxeira relativos ás diversas situacións habituais de comunicación e específicos da especialidade.	■10 sesións	■Ata 18 de marzo
6	A EXPRESIÓN ORAL	Exercicios encaminados a producir mensaxes orais na lingua estranxeira relativos ás diversas situacións habituais de comunicación e específicos da especialidade. <ul style="list-style-type: none">• Presentacions realizadas por o alumnado.• Roll plays de situacións relacionadas co entorno laboral.	■16 sesións	■Ata 29 de abril
7	AVALIACIÓN	■Probas de carácter teórico-práctico, onde se plantexan cuestións en relación cos contidos levados a cabo na a	2 sesións (varía se	■Ata 6 de Maio

1. Avaliación

Criterios de avaliación

Empregáronse adecuadamente as convencións orais e escritas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito .

- Valorarase se a información se transmitiu con claridade, de xeito estruturado, con precisión, con respecto e con sensibilidade.
 - Identificáronse os elementos e as etapas dun proceso de comunicación.
 - Comprobaranse os erros cometidos e as accións correctivas necesarias.
 - Identificaranse os soportes e as canles para elaborar e transmitir os documentos.
 - Diferenciaranse as estruturas e os estilos de redacción propios da comunicación profesional.
 - Diferenciaranse os instrumentos e os tipos de accións de comunicación, segundo os obxectivos que se pretenden acadar.
 - Seleccionaranse as accións de comunicación máis axeitadas.
- Empregaranse adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel e traballados previamente.

- Utilizaranse adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito

. Desenvolverase nunha conversa formal ou entrevista achegando a información necesaria, expresando de maneira sinxela as súas opinións sobre temas relacionados ca súa especialidade.

Procedemento

Requisitos mínimos

-Asistir con regularidade as clases.

-Ser puntual: a impuntualidade considerarase como ausencia (non se permitirá entrar á aula a aqueles alumnos e alumnas que cheguen tarde sen motivo debidamente xustificado).

-Participar activamente nas actividades realizadas na clase empregando a lingua inglesa.

-Obter un mínimo de 5 en todos os traballos e probas realizadas ao longo do curso (a obtención dunha nota menor en calquera actividade ou exame obxecto de avaliación implicará unha nota máxima final de 4, sexa cal sexa a media aritmética).

Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación

O proceso de avaliación será continuo.

O peso na cualificación final da disciplina das notas acadadas será o seguinte:

ASISTENCIA E ACTITUDE

Asistencia obrigatoria (máximo 20% ausencias inxustificadas).

En todo caso, como norma xeral, o alumnado que chegue tarde a clase non poderá entrar á mesma, considerándose ausencia inxustificada, sempre que non se acredite o contrario de forma debidamente xustificada.

Instrumentos de cualificación

O profesor manterá un rexistro da participación empregando diario de aula, fichas, etc. onde quedarán rexistrados o traballo diario e a actitude e Participación do alumnado.

AVALIACIÓN ORDINARIA. ALUMNOS QUE PERDAN O DEREITO Á AVALIACIÓN CONTINUA	
FERRAMENTA/ACTIVIDADE AVALIADA	PONDERACIÓN
EXAME ESCRITO Proba que constará dunha parte de comprensión e expresión escrita, onde se plantexan cuestións en relación cos contidos levados a cabo na aula.	65,00%
EXAME ORAL Proba que constará dunha parte de comprensión e expresión oral.	20,00%
PARTICIPACIÓN ACTIVA NAS CLASES	15,00%



AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA	
FERRAMENTA/ACTIVIDADE AVALIADA	PONDERACIÓN
EXAME ESCRITO Proba que constará dunha parte de comprensión e expresión escrita, onde se plantexan cuestións en relación cos contidos levados a cabo na aula.	50%
EXAME ORAL Proba que constará dunha parte de comprensión e expresión oral.	50%

Asistencia e actitude (10%)

1. Todas/os alumnas/os parten de 1 punto neste apartado.
2. Cada ausencia (1 h.) inustificada restará 0,1 puntos da nota final, cun máximo de 1 punto.
3. As faltas de actitude leves restarán de igual modo (faltas de colaboración, implicación...): - 0,1 cada falta.

Avaliación parcial cuatrimestral

A título informativo, a comezos de febreiro publicarase a nota obtida até ese momento, froito da media das cualificacións obtidas nos distintos traballos presentados até a data, así como da nota de asistencia e actitude.

Sistemas extraordinarios de avaliación e cualificación

O alumnado que non supere a disciplina en avaliación ordinaria, realizará unha **proba oral-escrita** na data e hora sinalada polo centro a tal efecto.

Pola súa parte, a proba teórico-práctica constará de:

Exame escrito

- Proba que constará dun texto con preguntas, e outra de desenvolvemento e/ou cuestionario na que se avaliarán todos os contidos da materia.
- Poderá versar sobre os apuntes de clase e a bibliografía/webgrafía citada en clase como complemento aos mesmos, así como sobre a bibliografía relatada na programación facilitada polo profesor a comezo de curso.
- Suporá o 50% da nota, repartida entre a parte tipo texto (25%) e a parte de desenvolvemento e/ou cuestionario (25%).

-Para superar o exame teórico será necesario obter un mínimo de 5 tanto nas duas partes.

Exame oral

-Poderá versar sobre calquera tema(s) tratado(s) ao longo do curso na convocatoria ordinaria.

-Suporá o 50% da nota.

-Para superar o exame práctico será necesario obter un mínimo de 5.

Nota importante:

-Para superar a disciplina será necesario obter un mínimo de 5 tanto na parte escrita, como na oral.

Critérios e pautas para o alumnado con necesidades educativas especiais

- Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Non todos os/as alumnos/as poden seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe, tanto polo seu propio desenvolvemento psicolóxico como por moi diversas circunstancias persoais e sociais: a atención á diversidade de alumnos e de situacións escolares convértese así nun elemento fundamental da actividade educativa.

Para dar resposta a aprendizaxes máis lentos:

- Nalgunhas ocasións proporcionarase máis prácticas sobre contidos nos que o profesor detectase que houbo máis dificultade.

- Os profesores dispoñen de diversos canles de comunicación cos alumnos fóra do horario das clases para atendelos e resolver dúbidas, a través de mensaxería, foros na aula virtual e titorías individualizadas.

▪Nalgunhas ocasións proporcionaranse máis prácticas sobre contidos nos que o profesor detectase que houbo máis dificultade.

▪O profesor dispón de diversos canles de comunicación co alumnado fóra do horario das clases para atendelos e resolver dúbidas, a través de mensaxería, foros na aula virtual e titorías individualizadas.

▪Ademais instará a refacer e corrixir aquelas actividades que non acaden o nivel mínimo esixible.

1. Metodoloxía, recursos e actividades complementarias

- Metodoloxía
Partirase dos coñecementos previos que teña o alumnado sobre cada unha das unidades didácticas, explicando dende ahí os contidos, proporcionando un material didáctico a través do cal os alumnos e alumnas, guiados polo profesor, poidan construír a súa propia aprendizaxe, sendo o enfoque eminentemente práctico.
- Recursos
Os recursos a empregar serán ordenadores con conexión a internet, proxector, e aula virtual.

Bibliografía Básica:

Practical English Usage Michael Swam
Designing Pleasurable Products <u>Patrick W. Jordan</u>
The Oxford-Duden Pictorial Spanish and English Dictionary (English and Spanish Edition)

Bibliografía Complementaria:

AutoCAD: professional tips and techniques. Lynn Allen
<u>From concept to consumer.</u> Phil Baker
AMBROSE y HARRIS (2005). Layout. Barcelona: Parramón.
Product Design and Development . <u>Karl Ulrich</u>

Webgrafía:

http://www.acrwebsite.org/search/view-conference-proceedings.aspx?Id=7824 https://www.behance.net/search?field=79 www.yankodesign.com/category/productdesign/ https://medium.com/@erikeriksson/what-is-product-design-9709572cb3ff#.7ftu0at0z	http://www.rqriley.com/pro-dev.htm http://www.designcouncil.org.uk/about-design/Types-of-design/Product-design/Future-trends/ http://www.open.edu/openlearn/science-maths-technology/engineering-and-technology/design-and-innovation/design/manufacturing/content-section-1.5
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

- Actividades complementarias.
 - Visionado de videos en versión orixinal relacionados co deseño de produtos